

**CURSO 2024/2025**



**CPI**  
**Arquitecto Palacios**

**Camiño dos lagos nº1  
36340 Panxón- Nigrán-Pontevedra  
Tfnos: 986 365 963-986 365 964  
Fax: 986 366 313**

**Correo Electrónico:**

**[cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es](mailto:cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es)**

**<http://http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarquitectopalacios/>**

## CALENDARIO ESCOLAR

### ACTIVIDADES LECTIVAS

En primaria o curso comeza o 11 de setembro e rematará o 20 de xuño de 2025, ambos inclusive. Na ESO comeza igualmente o 11 de setembro e rematará o 20 de xuño de 2025 ambos inclusive.

### VACACIÓNS

Nadal: desde o día 23 de decembro do 2024 ata o día 7 de xaneiro do 2025, ambos inclusive.

Entroido: días 3,4 e 5 de marzo de 2025.

Semana Santa: desde o día 14 de abril ata o 21 de abril de 2025, ambos inclusive.

**DÍAS NON LECTIVOS: 31 de outubro**, día do Ensino; **1 de novembro**, día de Todos os Santos; **6 de decembro**, día da Constitución; **1 de maio**, día Internacional dos Traballadores.

**DÍAS NON LECTIVOS ELEXIDOS POLO CENTRO: 4 de novembro do 2024, e 2 de maio do 2025**

## HORARIOS

### PRIMARIA

A entrada é ás 08:50 e a saída ás 13:50h.

### SECUNDARIA

A entrada é ás 08:55h e a saída ás 14:30h. O luns pola tarde de 16:00h a 17:40h.

## A ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### EQUIPO DIRECTIVO

Director: C. Antonio García Márquez.

Xefe de estudos E.S.O.: Ana Martínez Pous.

Xefe de estudos Primaria: Ana Isabel Pacín Barreiro.

Secretario: Pablo Fernández Bello

### EDUCACIÓN PRIMARIA (TITORES/AS)

1º María Concepción Iglesias González.

2º Ana Isabel Pacín Barreiro.

3º José Antonio Rodríguez Pérez.

4º Marina Vidal Conde.

5º Alberto José Pérez Carrera

6º María Carballo Gómez

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (TITORES/AS)

1º ESO Borja Rodríguez Vázquez

2º ESO Carlos Daporta Méndez

3º ESO A - Santiago Pascual Buye

3º ESO B – Benito Blanco Bogó

4º ESO Mª do Carme Vilar Díaz

### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Orientadora: Carmen María Lema Varela.

Pedagogía Terapéutica: Leticia Bouzada Pérez e

Rocío González Pérez

Audición e Linguaxe: Fátima Alonso Caride.

## NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO

**ENTRADAS E SAÍDAS:** O Colexio abrirá as súas portas ás 8,40 horas, coincidindo coa chegada do alumnado que ven no autobús.

Ás 08:50h soará o sinal de entrada para o alumnado de Primaria e ás 8:55h para o alumnado de Secundaria.

Se un alumno/a chega tarde, deberá entrar acompañado por un dos seus pais ou persoa responsable e terá que asinar na conserxería.

Cando un alumno/a teña que saír do Centro a unha consulta médica no horario escolar debe comunicar coa antelación suficiente ao titor a devandita saída e saír acompañado por un dos seus pais ou persoa responsable ademais de asinar na conserxería a correspondente autorización.

O Centro non se fai responsable do alumnado que despois das horas de clase, tanto pola mañá como pola tarde, se quede dentro do recinto escolar, agás o que teña comedor ou actividades extraescolares, polo que o alumnado que non teña actividades, deberá abandonalo.

Non se pode abandonar o Centro en horario lectivo, e iso inclúe o tempo dende o remate do comedor do luns ata o comezo das clases, e tamén o tempo dende o remate do comedor ata a chegada do autobús, para o alumnado usuario de transporte.

**FALTAS DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE:** Todas as faltas de asistencia e puntualidade deben ser xustificadas ante o titor/a polos pais por escrito, podendo utilizarse o modelo incluído na axenda escolar do alumno/a.

**CUESTIÓNS DE CARÁCTER XERAL:** A axenda escolar é un instrumento necesario para a planificación de tarefas e estudos e para a comunicación familia-centro. Por iso é necesario traela obrigatoriamente á clase todos os días, así como tela a disposición dos profesores/as que a soliciten.

Poderán ser obxecto de sanción e corrección aquelas actuacións contrarias á convivencia protagonizadas por un alumno/a do centro que teñan lugar fóra do recinto ou horario escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a algún compañeiro/a ou a outros membros da comunidade educativa.

Cando un profesor/a poña un parte de disciplina a un alumno/a, entregaralle unha copia para que a entregue aos seus pais que a asinarán. Unha vez asinada o alumno/a a devolverá ao titor/a.

Non está permitido a utilización de ningún dispositivo móbil durante a estancia do alumnado no recinto escolar. No seu caso, serán retirados e entregados en Dirección para a súa devolución aos pais/nais.

As condutas contrarias, e as gravemente contrarias, á convivencia no centro están recollidas nas páxinas iniciais das axendas escolares.

**NORMAS DE AULA:** O deterioro do material escolar ou das instalacións da aula serán reparados con cargo aos causantes do dano, cando se comprobe que foi por uso inadecuado ou maltrato. Se non se averigua o responsable do dano, o seu importe será pagado entre todos os alumnos/as que estivesen na aula cando este se produciu.



## COMEDOR

O comedor escolar estará aberto todos os días lectivos do curso, das 14:00 ata as 14:30 para primaria, e de 14:30 ata as 15:30 para secundaria. Prégase puntualidade na recollida dos alumnos/as á saída do mesmo. Cando un alumno/a non vaia comer no colexio é de obrigado cumprimento avisar entre as 09:00h e as 09:45 h. As faltas ao comedor han de ser xustificadas, de non ser así poderán conlevar a baixa no mesmo.

## TRANSPORTE ESCOLAR

A saída do transporte dende o colexio será ás 15:30. A hora de recollida dependerá da liñas e da parada. Os responsables dos alumnos/as deberán estar con antelación na parada. Os alumnos de primaria non baixarán do autobús se non hai algún responsable dos mesmos.

## ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS

No colexio existe unha Asociación de Nais e Pais que colabora na xestión do Centro e mantén una relación fluída coa dirección do Centro, aportando suxerencias e transmitindo inxerencias para o mellor desenvolvemento da actividade escolar.

Para calquera información podedes contactar a través do correo: [anpapanxon@gmail.com](mailto:anpapanxon@gmail.com)

## COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

### REUNIÓNS

Ao longo do primeiro trimestre, os/as titores/as convocarán unha reunión cos pais e nais para informar das actividades programadas para todo o curso e daqueles aspectos que se consideren de importancia.

Durante o curso, o/a titor/a poderá convocar outras reunións se o considerase necesario.

### ENTREVISTAS COS TITORES/AS

**E.PRIMARIA:MARTES(17:30-18:30)**

**1º ESO A: LUNS (12:00-12:50)**

**2º ESO : XOVES (9:00-9:50)**

**3º ESO A: MÉRCORES (10:40-11:30) 3º ESO B: MARTES (9:50-10:40)**

**4º ESO: VENRES (12:00-12:50)**

É importante que solicitedes hora ao titor/a con antelación para podervos dar unha maior información sobre o/a voso/a fillo/a. Se precisades información ou unha entrevista con calquera outro/a mestre/a, debedes facelo saber ao titor/a que vos poñerá en contacto con el/ela.

### BOLETÍNS DE NOTAS

#### PRIMARIA

13 de decembro/21 de marzo/26 de xuño

#### ESO

20 de decembro/28 de marzo/25 de xuño

### RECUPERACIÓN DE PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES NA ESO

1-º Semana do 3 ao 7 de febreiro.

2-º Semana do 5 ao 9 de maio.

